



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Estévez Toranzo, Margarita  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
Lameiras Fernández, María  
Longo González, M<sup>o</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Valeije Álvarez, M<sup>o</sup> Inmaculada  
Vilán Vilán, Xosé Antonio

### DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera, Jaime  
Cabeza Pereiro, Jaime  
De Lorenzo Rodríguez, Edita  
Lantarón Caeiro, Eva M<sup>o</sup>  
Lorenzo Cimadevila, Henrique  
Pérez Abellás, Adolfo  
Pérez Rodríguez, María Rosa  
Pita Grandal, Ana M<sup>o</sup>  
Pou Saracho, Juan María  
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier  
Vázquez García, Celia

### PDI-A:

Caballero Rúa, Armando  
Fernández Suárez, Emilio Manuel  
González Cerdeira, Xulia  
Grande Seara, Pablo  
Graña Rodríguez, Ana María  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Pereira Domínguez, Alejandro  
Pino Juste, Margarita

### PDI-B:

Gil Villanueva, José María

### ESTUDANTES:

Comesaña González, Brais  
De los Bueis Mellado, Jorge  
Pato Rodríguez, Santiago Eduardo

### PAS:

Cebro Rodríguez, Xan  
Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio  
Martínez Gómez, César Enrique  
Pérez Mato, Federico

### SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido  
Fernández Fernández, Federico

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Alba Castro, José Luis  
Diz Ferreiro, Paula  
López Díaz, María  
Mejías Sacaluga, Ana María

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 29 de outubro de 2013, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **29 de outubro de 2013**, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 24 de xullo de 2013.
2. Informe do Reitor.
3. Toma en consideración, se procede, do recurso, interposto polo profesor D. Rafael Fernández Acevedo e outros profesores da Área de Dereito Administrativo, contra o acordo da Xunta de Titulación de Dereito polo rexeitamento de proposta de nova materia optativa.
4. Toma en consideración, se procede, do recurso, interposto pola profesora Dna. Ana Pita Grandal, ante o procedemento seguido para a adopción dos acordos relativos ás propostas de materias optativas no Grao en Dereito.
5. Aprobación, se procede, de informe favorable para a tramitación de novas propostas e de modificacións de titulacións de grao para o curso 2014/15.
6. Aprobación, se procede, de informe favorable para a tramitación de novas propostas e de modificacións de titulacións de máster para curso 2014/15.
7. Aprobación, se procede, de informe favorable para a tramitación de novas propostas e de modificacións de titulacións de doutoramento para o curso 2014/15.
8. Aprobación, se procede, do Regulamento provisional de réxime interno da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo.
9. Aprobación, se procede, da 1ª edición do Curso de Especialista en Asesor Financeiro Europeo.
10. Aprobación, se procede, da modificación do Plan de internacionalización lingüística.
11. Aprobación, se procede, da modificación do Convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas.

12. Aprobación, se procede, da creación e participación das empresas propostas como EBT da Universidade de Vigo.
13. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Dpto. de Química Orgánica.
14. Aprobación, se procede, da actualización do cadro de tarifas dos distintos servizos do CACTI.
15. Aprobación, se procede, da actualización do cadro de tarifas da ECIMAT.
16. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Severino Sombra* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Severino Sombra* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma de Bucaramaga* (Colombia) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma de Bucaramaga* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e *The Mohammed V University-Agdal* (Marrocos) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e *The Mohammed V University-Agdal* (Marrocos) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Middle East University* (Xordania) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Middle East University* (Xordania) para o intercambio de estudantes – Memorándum de entendemento entre a Universidade de Vigo e a *Kyungpook National University* (República de Corea) – Convenio específico de colaboración para o intercambio de docentes, investigadores e estudantes en formación de posgraos (máster e doutoramento) entre o campus de excelencia internacional “Campus do Mar” e a *Universidad Católica del Norte* (Chile) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Ricardo Palma de Lima* (Perú).
17. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 24 de xullo de 2013.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do Reitor.

O reitor informa aos membros do Consello de Goberno do que segue.

Comunicado da CRUE sobre I+D titulado “La Ciencia como base de un futuro estable y de progreso”. Sinala que o comunicado xerouse nunha situación en que os reitores das universidades españolas están contrariados pola demora nas convocatorias do Consello de Universidades, que pode chegar a seis meses, que iso non é obstáculo para que se lexisle sobre temas que afectan á universidade, sen contar co informe do devandito órgano consultivo. Neste contexto de malestar, a CRUE decidiu adoptar unha posición común e facer público un comunicado no que demandan do goberno central unha maior implicación co sistema de I+D, e solicitan unha aposta firme e estratéxica de aumento do investimento en I+D+i (vide. **Anexo I**).

Comisión de gobernanza da CRUE: O reitor recorda, que a principio do ano 2013 o goberno español acordou encargar a un comité de expertos un informe para a reforma e mellora da calidade e eficiencia do sistema universitario; que, con tal motivo, dentro da CRUE se

formou un grupo de traballo denominado *Comisión de gobernanza da CRUE*, do que forma parte. A finalidade da Comisión é que antes de que empece o debate no goberno, ter preparadas algunhas propostas para defender a universidade pública que coñecemos e que esta teña futuro. Destaca, que aínda que a anunciada reforma da universidade non vai ser tan profunda como se pensou nun inicio, posiblemente a través de decreto lei se incida en aspectos esenciais, tales como a selección do profesorado, avaliación de centros e departamentos e modelos de gobernanza das universidades; e ata a reforma dos títulos para adecuar a demanda social á súa viabilidade económica. A Comisión persegue como principal obxectivo, adoptar posicións conxuntas sobre autonomía financeira, gobernanza organizativa, xestión de persoal ou de defensa do actual sistema de acreditacións. Neste momento, o grupo de traballo xa ten ultimada algunhas propostas.

Modificación do Decreto de titulacións da Xunta. Destaca que a proposta que está en tramitación, persegue que a oferta de títulos combine a demanda social coa viabilidade económica. Que a través de diversas actuacións a Universidade de Vigo xa se adiantou a esta modificación lexislativa, adoptando estratexias e aconsellando aos equipos directivos dos centros a que adoptasen medidas que nos permitan cumprir co disposto en mencionado Decreto antes de 2015; que mostra diso é que no actual Consello de Goberno algunhas medidas que se propoñen en puntos da orde do día que se van a tratar van nesta dirección. Subliña, que a nova normativa permitirá que os másteres con menos de 20 estudantes se poidan impartir durante un curso. Igualmente, que as titulacións que compartan 90 ECTS nos dous primeiros cursos, computen como unha soa para ou cálculo dos números mínimos de estudantes de novo acceso, decisión esta última especialmente importante para as titulacións de Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos e Enxeñaría Agraria do Campus de Ourense, posto que permite conservar os seus títulos.

Prazas de profesorado laboral: o reitor informa que foron concedidas interinamente ou contratacións temporais. Informa, que a redacción do novo Proxecto de orzamentos xerais de Galicia para o ano 2014 incumpre o disposto no artigo 23.2 da lei 17/2012 de Orzamentos xerais do Estado. Expón que na redacción do proxecto, non se inclúe a contratación temporal no ámbito universitario entre os sectores prioritarios que se excepcionan da prohibición xeral de contratación temporal.

Continúa dicindo, que aínda que a Xunta de Galicia ten vontade política de contratar investigadores, considera que non pode autorizar debido ao escenario imposto polo Ministerio de Facenda, que como é sabido formulou recursos de nulidade das prazas de contratados doutores sacadas a concurso nas CC.AA. de Aragón e Cataluña; que, polo momento, a Universidade de Vigo conseguiu autorización para a modalidade de contratación en réxime de interinidade, por cumprir co que esixían as consellarías de Educación e Facenda.

Prazas de profesorado funcionario: se concederon 2 prazas por taxa de reposición e, neste momento, son obxecto de negociación na mesa do PDI. Que, en función dos acordos alcanzados, propoñerá a súa saída a concurso no próximo Consello de Goberno. O reitor lembrou unha vez máis, que só cabe a posibilidade de que se produza algunha modificación na política do Goberno a través dun cambio na Lei de Orzamentos do Estado de 2014.

Campus da Auga: sinala, que o art. 7.4 da Lei 6/2013 do sistema universitario de Galicia establece que a Xunta de Galicia fomentará o avance das universidades públicas cara a unha organización territorial, tendente a unha maior especialización, compactabilidade e calidade da docencia e investigación nos campus.

De modo que a xuízo do reitor, un aspecto fundamental na actual gobernanza das universidades é fomentar campus especializados, capaces de crear unha marca e visibilizar internacionalmente as capacidades en docencia e investigación. Que no noso caso, constitúe tamén unha estratexia fundamental e unha aposta para garantir a supervivencia da Universidade de Vigo no futuro. Engade, que un exemplo de especialización está sendo a creación do Campus do Auga no Campus de Ourense. Informa, que estamos a piques de recibir o recoñecemento oficial de campus especializado por parte da Xunta de Galicia; que devandito recoñecemento, permitíranos comezar a deseñar bocetos de futuras titulacións, plans de emprego, grupos I+D. Anuncia, que no seu momento farase unha carta de invitación a todos os investigadores do Campus de Ourense, participándolles da metodoloxía de traballo e a folla de ruta. Sinala que o plan é presentalo no Consello de Campus unha vez aprobado no Consello de Goberno.

Campus CREA: o reitor di que é a liña de especialización reservada para o Campus de Pontevedra. Engade, que a denominación escollida conecta coas áreas de coñecemento que distinguen ao campus pontevedrés, tales como saúde, deporte, sociedade ou arte; e a partir das que se procura a especialización dun campus que, segundo o reitor, ten a vantaxe da singularidade e a solidez das súas titulacións, pero precisa dunha especialización que xere unha cooperación intelixente, amparada nun segundo plano por toda a Universidade. Continúa expoñendo as características máis resaltables.

Xuntanza da CRUSOE: informa que tivo lugar o 25 de setembro de 2013, en Salamanca. O reitor destaca que unha das finalidades foi arroupar iniciativas de especialización de campus de humanidades. Di que despois de dous anos de traballo, foi unha reunión fundamental; por canto entre outras novidades, ás 6 liñas de especialización proxectadas (saúde; sector primario; auga, mar e continente; lingua e patrimonio; enerxía sostible e cooperación interrexional e desenvolvemento) contaron co respaldo e apoio dos responsables dos representantes políticos presentes na reunión (membros destacados dos executivos de Castela-León Portugal e Galicia); sinala que as consecuencia máis salientables dos acordos alcanzados son:

- Permitirá ás universidades que integran a CRUSOE crear grupos de investigación de alto nivel, para concorrer a programas de financiamento competitivo de I+D+i enmarcados no Programa da Comisión Europea Horizonte 2020, que será efectivo en 2015.

- Permitirá crear unha plataforma no noroeste do estado español, que posibilite que os proxectos que se xestionen en Madrid non teñan como únicos destinatarios as universidades do eixe mediterráneo.

- Permitirá crear unha alianza que posibilite captar fondos estruturais da estratexia de especialización intelixente RIS 3.

- Para rematar, informa que no seo do Consello reitor da Axencia Galega de Innovación, comunicóusenos que as propostas das tres Universidades para a RIS3 de Galicia foron aceptadas.

Finalmente, di que a CRUSOE, na súa opinión, é unha fábrica de iniciativas e proxectos.

O reitor termina o seu informe sinalando que os datos de matrícula daranse no seguinte Consello de Goberno.

**Punto 3.** Toma en consideración, se procede, do recurso, interposto polo profesor D. Rafael Fernández Acevedo e outros profesores da Área de Dereito Administrativo, contra o acordo da Xunta de Titulación de Dereito polo rexeitamento de proposta de nova materia optativa.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen comeza informando do calendario e as diferentes reunións da Xunta de Titulación para a modificación de Grado en Dereito. Di que a dita Xunta de Titulación pertence o profesorado das titulacións de Dereito de Ourense e de Vigo, e que está presidida por ela mesma. Di que na Xunta de Titulación, celebrada o día 25 de setembro con motivo de revisar as alegacións á memoria, foi solicitada a inclusión de tres materias optativas para o itinerario de Dereito de Empresa, da titulación de Grao en Dereito que se imparte na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Dúas foron aceptadas, por canto foron presentadas en tempo e forma. E en relación a materia optativa presentada en nome da área de Dereito Administrativo no rexistro xeral, con data de 18/09/2013, foi rexeitada pola Xunta de Titulación, en reunión de data 25 de setembro de 2013, e non admitida a trámite a alegación por entender que non estaban correctamente identificados nominativamente o autor ou autores.

Continúa dicindo, que en data 30/09/2013 o profesor D. Rafael Fernández Acevedo presenta, en representación da área, un recurso solicitando que se declare que o procedemento seguido para o rexeitamento da materia optativa, proposta pola área de Dereito Administrativo, foi contrario a dereito, e se retrotraian as actuacións ao momento procedemental oportuno, ao efecto de someter a proposta á consideración dos órganos competentes, con carácter previo á celebración da Xunta de Titulación na que se vai aprobar a memoria definitiva.

A vicerreitora expón, que solicitado o informe da Asesoría Xurídica, a Lei 30/92, de Procedemento Administrativo Común, dispón, tras facer diversas consideracións de dereito, que as solicitudes deberán ir asinadas ou deberá acreditarse a autenticidade da vontade do que a presenta por calquera medio; pero que o artigo 71 da lei citada, tamén permite a emenda das solicitudes defectuosas. Emenda que a xuízo da Asesoría Xurídica se produciu o día 30 de setembro coa presentación do recurso, no cal varios profesores da área ratifican a alegación presentada non seu momento. En consecuencia, o informe é partidario de que debe admitirse dita alegación e darlle o trámite correspondente.

A vicerreitora solicita estimar o recurso presentado polo profesor D. Rafael Fernández Acevedo e outro profesorado da área de dereito administrativo. Engade, que a estimación do recurso implica seguir o trámite de aprobación da materia, polo que en caso afirmativo, solicita que a habiliten para convocar, con carácter urgente, a Xunta de Titulación de Dereito para aprobar, se é o caso, a inclusión da materia optativa no plano de estudos.

Intervén a Prof. Ana Pita Grandal para agradecer a acolleita do recurso da área de Dereito Administrativo. Fai consideracións sobre a validez dos acordos das diferentes xuntas de titulación de cada centro e a súa vinculación á Xunta de Titulación conxunta.

Intervén o Prof. Pablo Grande para dicir que a materia afecta a un centro, pero que a memoria é conxunta, polo que o mesmo acontece coa Xunta de Titulación que é a que adopta as decisións.

Apróbase por asentimento a estimación do recurso.

**Punto 4.** Toma en consideración, se procede, do recurso, interposto pola profesora Dna. Ana Pita Grandal, ante o procedemento seguido para a adopción dos acordos relativos ás propostas de materias optativas no Grao en Dereito.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen expón o contido do recurso e o obxecto da impugnación. Expón, que a profesora Ana M<sup>a</sup> Pita Grandal, con data 25 de setembro de 2013, presenta recurso contra o procedemento seguido para a adopción dos acordos da Xunta de Titulación para a modificación do Grao en Dereito, no que manifesta que lle consta que a autoría da alegación presentada pola área de Dereito Administrativo foi presentada polo profesor Rafael Fernández Acevedo; e alega que os acordos non se adoptaron por asentimento e que os resultados acadados foron determinados polos votos emitidos polos profesores de Ourense. Alega tamén, que antes de tratarse o tema na Xunta de Titulación conxunta, debería ser aprobado nas xuntas de titulación de cada centro.

A vicerreitora dá conta do informe emitido pola Asesoría Xurídica, na que se fan as seguintes consideracións:

Polo que respecta á alegación da área de Dereito Administrativo, o informe remítese ao expresado sobre o asunto en relación coa reclamación presentada polo profesor Rafael Fernández Acevedo, no que se aconsella a súa estimación.

En canto a alegación de que os acordos non se adoptaron por asentimento e que os resultados acadados foron determinados polos votos emitidos polos profesores de Ourense, o informe indica que a Xunta de Titulación (neste caso, conxunta) é un órgano colexiado, correspondéndolle á totalidade dos seus membros exercer os dereitos que como tales membros lles corresponden, entre eles o dereito ao voto, tal como se establece no art. 24.1 da Lei 30/1992. Que, por outra banda, agás que se establecese expresamente na regulamentación do propio órgano un réxime diferente de adopción de acordos (asentimento, maioría cualificada, etc.; cuxa existencia non lle consta á informante en relación coa Xunta de Titulación conxunta), os acordos se adoptarán por maioría de votos (art. 26.4 da Lei 30/1992). Polo que sendo, neste caso, os acordos adoptados por maioría dos membros, a procedencia dos membros (Vigo ou Ourense) que votaron non ten incidencia na validez do proceso, dado que todos eles forman parte do órgano colexiado.

En relación á terceira alegación o informe sinala que, segundo o artigo 44 dos Estatutos, as xuntas de titulación son “os órganos encargados de elaborar, aprobar e modificar para cada titulación de grao as propostas do plan de estudos. Terán, ademais, todas as competencias que se lles atribúan pola normativa correspondente”. Neste caso estas competencias se atribúen a unha Xunta de Titulación conxunta (Vigo/Ourense).

O informe conclúe que da documentación obrante no expediente non se aprecia que exista a infracción do procedemento á que se refire a profesora reclamante.

Intervén a Prof<sup>a</sup> Ana Pita Grandal para explicar que a razón polo que se considerou conveniente proceder ao debate e aprobación previa das alegacións presentadas na respectivas xuntas de titulación de cada Centro, obedecía a que sendo un título único ten itinerarios diferentes, polo que nada impide que se escoitara ás respectivas xuntas de titulación.

Intervén o reitor para engadir que a proposta é estimar parcialmente o recurso, xa que se aprobou a alegación relativa á materia proposta pola área de Dereito Administrativo, consonte o exposto no punto anterior da orde do día.

Apróbase por asentimento estimar parcialmente o recurso.

**Punto 5.** Aprobación, se procede, de informe favorable para a tramitación de novas propostas e de modificacións de titulacións de grao para o curso 2014/15.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen indica que as propostas presentadas teñen a súa orixe en diferentes razóns ou circunstancias. Nalgún caso, trátase de modificacións derivadas dos informes de seguimento; noutros casos obedecen á necesidade de realizar modificacións co fin de cumprir os requisitos esixidos no Decreto autonómico de titulacións; e noutro caso (Enxeñaría Física), a proposta deriva da execución dunha sentenza xudicial. A continuación explica os aspectos máis relevantes, relativos ás propostas presentadas.

Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos:

Cambios motivados polos informes de seguimento. Non hai cambios na estrutura do plan de estudos.

Grao en Enxeñaría da Enerxía:

Cambios motivados polos informes de seguimento. Non hai cambios na estrutura do plan de estudos.

Grao en Ciencias da Linguaxe:

Procede do Grao en Estudos de Galego e Español que, debido á demanda inferior á esixida no decreto autonómico de titulacións (50 estudantes de nova entrada no Campus de Vigo), introduce cambios na titulación. Pretende recoller aos estudantes interesados naquel grao e tamén facerse atractivo a novos estudantes interesados no estudo da linguaxe e das linguas como instrumento de comunicación, de cultura e de expresión literaria. Oferta ata 11 mencións, que se acadan por diferentes combinacións dos 9 módulos que oferta. Esta estrutura modular permite a incorporación de formación adecuada en contidos filolóxicos e aspectos innovadores, como a ensinanza de linguas, escritura creativa, estudos lusófonos, novas tecnoloxías, estudos culturais etc. Tamén incorpora a posibilidade de ensinanza semipresencial, reservando 10 prazas para esta modalidade.

Grao en Dereito:

A modificación pretende mellorar (á vista da experiencia dos primeiros catro anos de grao) a secuencia temporal de formación dos estudantes, así como facilitar a articulación de simultaneidades das titulacións.

Ao tratarse dunha titulación impartida en dous centros, a memoria foi aprobada nunha xunta de titulación conxunta (Vigo/Ourense).

En virtude da estimación do recurso, relativo á proposta de nova materia optativa no campus de Vigo (punto 3 deste Consello de Goberno), queda pendente que a xunta de titulación conxunta se pronuncie sobre a solicitude de inclusión da materia optativa "Réxime xurídico da responsabilidade patrimonial da Administración (contractual e extracontractual), presentada por profesores da Área de Dereito Administrativo. De ser incluída, engadiríase ás materias optativas, "Métodos alternativos de resolución de conflitos no ámbito empresarial" (Dereito Procesual) e "Responsabilidade penal e administrativa no ámbito financeiro-tributario" (Dereito Financeiro e Tributario/ Dereito Penal) que xa foron incluídas por acordo desa xunta de titulación.

#### Grao en Xeografía e Historia:

Na actualidade, a demanda deste grao é inferior á esixida no decreto autonómico de titulacións (45 estudantes de nova entrada no campus de Ourense). A ensinanza inclúe dúas modalidades: a presencial e a semipresencial, sendo esta última unha alternativa que só pode ser utilizada polos estudantes que xustifiquen unha imposibilidade de asistencia á docencia regrada tradicional. A avaliación deste estudantes farase a través dos canles de teledocencia.

Cámbiase unha materia de Formación Básica, incorporando a materia "Inglés para Humanidades", que substitúe a "Lingua clásica: Introducción á lingua e literatura latinas". Unha materia de similares características á esta última incorpórase como optativa "Lingua e Cultura Clásica".

Realízanse cambios en varias materias optativas.

#### Grao en Xestión e Dirección Pública:

Na actualidade, a demanda deste grao é inferior á esixida no decreto autonómico de titulacións (45 estudantes de nova entrada no campus de Pontevedra). A ensinanza inclúe dúas modalidades: presencial e semipresencial, sendo esta última unha alternativa. A avaliación deste estudantes farase a través dos canles de teledocencia. Non cambia a estrutura da titulación.

#### Grao en Enfermaría:

A modificación débese á vontade de inclusión dun curso de adaptación (curso ponte) para diplomados en Enfermaría (xa existente na Escola de POVISA) nas escolas adscritas de Meixoeiro, Ourense e Pontevedra. Non cambia a estrutura da titulación.

#### Grao en Enxeñaría Física:



A vicerreitora lembra que, en cumprimento dunha sentenza xudicial do ano 2012, foi encargada á Xunta de Titulación de Física (Facultade de Ciencias de Ourense) a elaboración dunha proposta de plan de estudos que substituiría á Licenciatura en Física.

Presentada a declaración de interese coa denominación de Grao en Enxeñaría Física, a Xunta de Titulación elaborou a memoria correspondente.

A memoria para a solicitude de verificación do Grao en Enxeñaría Física contén os epígrafes de “Recursos Humanos” e de “Recursos Materiais e Servizos”, onde se detalla o conxunto de recursos humanos e medios materiais que a Universidade de Vigo pon a disposición da titulación para garantir unha efectiva impartición das ensinanzas.

Con independencia da adscrición definitiva a un centro da Universidade de Vigo, as actividades docentes teóricas e prácticas desenvolveríanse inicialmente nos espazos que, na actualidade, están asignados á Facultade de Ciencias, situados no Edificio Politécnico do Campus de Ourense, no que tamén ten a súa sede a Escola de Enxeñaría Informática.

A ocupación de aulas, laboratorios e aulas de informática do Campus de Ourense, en quendas de mañá e tarde, garante a impartición das clases teóricas e prácticas que se deriven da planificación docente da titulación en cada curso académico.

Na memoria presentada non figura o centro responsable da titulación, polo que a COAP propón que o Consello de Goberno informe favorablemente sobre a proposta para que continúe a súa tramitación, pero tendo en conta que, no caso de ser aprobada a posta en marcha do Grao en Enxeñaría Física, o Consello de Goberno, logo do informe preceptivo do Claustro, aprobará a que centro da Universidade de Vigo se adscribe esta titulación (artigos 35 g, 39 h dos Estatutos da Universidade de Vigo).

Finalmente, a vicerreitora informa de que todas as propostas foron informadas favorablemente na COAP, celebrada o día 21 de outubro de 2013; que analizou a súa viabilidade académica en base ás capacidades docentes dos departamentos implicados, lembrando que en canto á oferta académica anual, o número de materias optativas ofertadas en cada curso académico depende das normas de encargo docente que cada curso aproba o Consello de Goberno.

Intervén a profesora Ana Pita Grandal para preguntar pola simultaneidade de títulos en ADE e Dereito.

Apróbase por asentimento informar favorablemente sobre as propostas presentadas para a súa tramitación e remisión ao Consello Social e á Xunta de Galicia.

**Punto 6.** Aprobación, se procede, de informe favorable para a tramitación de novas propostas e de modificacións de titulacións de máster para curso 2014/15.

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións explica os aspectos máis relevantes relativos ás propostas de máster presentadas.

a) Novos.

Máster en Enxeñaría de Minas:

Proposta de implantación dun novo título de máster, que habilita para a profesión regulada de Enxeñeiro/a de Minas.

Máster en Enxeñaría de Telecomunicación:

Proposta de implantación dun novo título de máster, que habilita para a profesión regulada de Enxeñeiro/a de Telecomunicación.

Máster en Enxeñaría Industrial:

Proposta de implantación dun novo título de máster, que habilita para a profesión regulada de Enxeñeiro/a de Industrial.

b) Modificación.

Máster en Enxeñaría de Organización:

Modificación do Máster en Dirección e Xestión da Loxística e da Cadea de Subministro.

Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade:

Incorporación da Universidade de Vigo a un máster xa implantado na Universidade de Santiago, que é a coordinadora.

Máster en Química:

Modificación do Máster en Química Avanzada.

Máster en Recursos Naturais e Tecnoloxía Agroalimentaria:

Modificación do Máster en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria.

Máster en Valoración, xestión e protección do patrimonio:

Fusión de dous máster da Universidade de Vigo: Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais, adscrito á Facultade de Historia do Campus de Ourense, e Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóble, adscrito á Escola de Enxeñaría de Minas.

A vicerreitora informa de que todas as propostas foron analizadas na Comisión de Estudos de Posgrao (CEP), celebrada o día 16 de outubro de 2013. A CEP indicou as

correccións a realizar para acadar informe favorable. En todos os casos, a CEP acordou comunicar aos coordinadores das propostas que na memoria se introducirá unha frase, que indique que a oferta de optatividade en cada curso estará condicionada ás normas de encargo docente, que cada curso aproba o Consello de Goberno.

Comunicados os acordos ás comisións académicas e/ou centros responsables, foron corrixidas as memorias nos termos sinalados, agás nos dous másteres propostos pola Escola de Enxeñaría Industrial (Máster en Enxeñaría Industrial e Máster en Enxeñaría de Organización), nos que cómpre facer as seguintes precisións:

a) Presencialidade:

No referente á presencialidade de cada materia, na redacción inicial indicábase que “a presencialidade media das materias será de 52 horas por cada 6 ECTS”. Remitido ao centro o acordo da CEP, no que se indica que a proposta supera á presencialidade máxima establecida na normativa da Universidade de Vigo (8 horas por ECTS), na nova proposta figura o seguinte texto: “a presencialidade media das materias será a máxima permitida pola Universidade de Vigo en cada curso académico”

Neste caso, é preciso salientar que a nova aplicación da ACSUG esixe incorporar a presencialidade das actividades formativas que conforman cada materia, polo que cómpre precisar que na versión da memoria que se introducirá na plataforma da ACSUG porase en todas as materias a presencialidade máxima actualmente vixente na Universidade de Vigo. Así mesmo, a vicerreitora indica que o tamaño máximo da PDA anual está relacionado coa matrícula, mentres que a súa distribución nas materias é a que está asociada ás actividades formativas, non debendo confundirse ambos termos.

b) Requisitos de admisión:

Na memoria do Máster en Enxeñaría Industrial, indícase que os solicitantes se clasifican en tres grupos: grupo 1 (para titulados do Grao en Tecnoloxías Industriais da Escola de Enxeñaría Industrial de Vigo), para o que se reserva o 50% das prazas, grupo 2 (para os titulados nos restantes graos da Escola de Enxeñaría Industrial de Vigo), para os que se reserva o 45% das prazas, e grupo 3 (para outros titulados de graos con perfís tales que a Orde CIN/311/2009 lles permite o acceso ao máster, cos complementos de formación que procedan en cada caso), para o que se reserva o 5% das prazas.

Dentro de cada grupo, os alumnos ordenaranse de acordo coa fórmula: nota media expediente alumno/nota media do seu grao.

Así mesmo, establécese na memoria o seguinte requisito de admisión adicional:

“Os alumnos con avaliación curricular, avaliación por compensación ou procedementos similares, estarán sempre no grupo 3, independentemente da súa titulación de procedencia”.

Na memoria do Máster en Enxeñaría da Organización, indícase que os solicitantes se clasifican en dous grupos: grupo 1 (para titulados do grao en Enxeñaría en Organización Industrial da Escola de Enxeñaría Industrial de Vigo), para o que se reserva o 90% das prazas, e grupo 2 (para titulados en graos similares ao grao en Organización Industrial da Escola de Enxeñaría Industrial de Vigo cursados noutros centros, cos complementos de formación que se estimen necesarios en cada caso), para os que se reserva o 10% das prazas.

Dentro de cada grupo, os alumnos ordenaranse de acordo coa fórmula: nota media expediente alumno/nota media do seu grao.

Así mesmo, establécese na memoria o seguinte requisito de admisión adicional:

“Os alumnos con avaliación curricular, avaliación por compensación ou procedementos similares, situaranse sempre no grupo 2, independentemente da súa titulación de procedencia”.

A CEP entende que nos dous másteres do centro debe eliminarse este requisito de admisión, relativo á avaliación curricular, segundo o cal os estudantes con avaliación curricular ou similar estarán nun grupo diferente do que lle corresponde pola súa titulación. Así pois, a CEP indicou ao centro o seguinte:

A discriminación a alumnos que empregasen os mecanismos de compensación por avaliación curricular ou similares é incompatible coa normativa da Universidade de Vigo, que oferta esta posibilidade sen establecer consecuencias a posteriori.

A vicerreitora explica que este acordo da CEP está fundamentado no artigo 6 da Normativa de permanencia da Universidade de Vigo. No apartado dese artigo, relativo aos efectos académicos da avaliación curricular, establécese que as materias afectadas por ese procedemento, figurarán no expediente con “apto por compensación” co valor numérico de 5,0. Así pois, debería eliminarse da memoria o parágrafo relativo á avaliación curricular.

Intervén o profesor Juan Pou, director da Escola de Enxeñaría Industrial, para dicir que, como xa se indicara no escrito do centro no que se respondeu ao informe da CEP, existe unha clara discrepancia entre a Xunta de Escola e a CEP, sobre a incompatibilidade coa normativa da Universidade de Vigo neste asunto, polo que debería realizarse previamente un estudo xurídico específico.

A Prof<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Pita Grandal intervén para dicir que a normativa é clara e que non se pode tratar de forma diferente aos titulados que teñan superada algunha materia por avaliación curricular; manifesta o seu acordo co indicado pola vicerreitora. Tamén pregunta sobre a posibilidade de reservar un número de prazas para titulados/as da Universidade de Vigo.

Intervén o Prof. Juan Pou para explicar o sistema de reserva de prazas (50%), e engade que non é unha ocorrencia da Escola de Enxeñaría de Vigo, senón un procedemento habitual nas restantes Escolas.

Intervén o reitor para sinalar que, con independencia do informe xurídico que se solicite sobre ese tema, se debería eliminar da memoria ese requisito de admisión, segundo o cal os estudantes con avaliación curricular ou similar se sitúan nun grupo diferente do que lle corresponde pola súa titulación.

Intervén o Sr. Brais Comesaña, alumno da Escola de Enxeñaría Industrial, para dicir que cando se aprobou no centro a memoria, os estudantes da Xunta de Centro manifestáronse por unanimidade en contra de que figurara no texto ese requisito de admisión, relativo á avaliación curricular.

Apróbase por asentimento informar favorablemente sobre as propostas de máster presentadas para a súa tramitación e remisión ao Consello Social e á Xunta de Galicia, eliminando o parágrafo relativo á avaliación curricular no caso dos dous másteres da Escola de Enxeñaría Industrial.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, de informe favorable para a tramitación de novas propostas e de modificacións de titulacións de doutoramento para o curso 2014/15.

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións explica os aspectos máis relevantes, relativos ás propostas presentadas.

a) Novo programa:

- Programa de Doutoramento en Protección do Patrimonio Cultural: Trátase dunha proposta interdisciplinar na que participan dous grupos de investigación: un grupo da Facultade de Historia e outro grupo da Escola de Enxeñaría de Minas. Colabora persoal da Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

b) Modificación:

- Programa de Doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial: Incorpóranse as Universidades de Santiago e da Coruña ao programa de doutoramento en Economía e Empresa, xa verificado na Universidade de Vigo, que cambia de denominación ao pasar a interuniversitario. Coordinado pola Universidade de Vigo.

- Programa de Doutoramento en Xestión e Resolución de Conflitos. Xustiza Terapéutica: Incorpórase a Universidade de Santiago ao programa xa verificado na Universidade de Vigo, que pasa a ser interuniversitario. Coordinado pola Universidade de Vigo.

- Programa de Doutoramento en Equidade e Innovación en Educación: Solicitude de incorporación da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Oviedo nos datos da memoria do programa xa verificado.

A vicerreitora informa de que todas as propostas foron informadas favorablemente na Comisión de Estudos de Posgrao, celebrada o día 16 de outubro de 2013.

Apróbase, por asentimento, informar favorablemente sobre as propostas presentadas para a súa tramitación e remisión ao Consello Social e á Xunta de Galicia.

**Punto 8.** Aprobación, se procede, do Regulamento provisional de réxime interno da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo.

A vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións lembra que o RD 99/2011, polo cal se regulan os estudos de doutoramento correspondentes ao Terceiro Ciclo das ensinanzas universitarias, contempla no seu artigo 9 a posibilidade de que as universidades poidan crear escolas de doutoramento co fin de organizar, dentro do seu ámbito de xestión, as ensinanzas e actividades propias do doutoramento, incidíndose na importancia e interese das escolas de doutoramento, chamadas a xogar un papel esencial no modelo de formación doutoral con base na universidade, pero impulsando a colaboración con outros organismos, entidades e institucións implicadas na I+D+i tanto nacional como internacional.

De acordo co procedemento establecido pola Xunta de Galicia, no Consello de Goberno do 21 de decembro de 2012 foi aprobado o acordo de creación da Escola de Doutoramento da Universidade de Vigo.

A creación da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo fíxose efectiva coa publicación do Decreto 95/2013, do 13 de xuño, polo que se crean as escolas de doutoramento nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG de 26 de xuño de 2013). Con posterioridade, notificouse a creación da Escola de Doutoramento ao Ministerio de Educación a través da Dirección General de Política Universitaria, a efectos da súa inscrición no Registro de Universidades, Centros y Títulos (RUCT), quedando rexistrada co código 36020684.

No acordo de creación indicábase que o Consello de Goberno debería aprobar o Regulamento de réxime Interno da Escola. En consecuencia, compre regular, no ámbito da Universidade de Vigo, o funcionamento desta estrutura, destinada á organización do doutoramento.

A vicerreitora explica os aspectos máis salientables do documento que se presenta. Indica cales son os órganos de goberno da Escola (Director, Comité de Dirección e Comisión Permanente) e resume o establecido nas disposicións transitorias. Indica, que na disposición transitoria terceira se establece que de xeito transitorio, durante o curso 2013/14, exercerá como Director en Funcións da Escola Internacional de Doutoramento o Comisionado para Novos Proxectos e que a Secretaría Académica da Escola recaerá durante o curso 2013/14 na Secretaría da Comisión de Estudos de Posgrao.

Propón, por proposta do responsable da Sección de Posgrao, un cambio de redacción no artigo 5 c), indicando que, onde figura:

*c) O persoal de administración e servizos que a universidade adscriba.*

Debe figurar:

*c) O persoal de administración e servizos que a xerencia da Universidade de Vigo asigne para a xestión administrativa das competencias da Escola.*

Por último, indica que hai un erro no apartado 4 da disposición transitoria terceira, debendo figurar *Claustro* onde figuraba *Consello de Goberno*.

A Prof<sup>a</sup> Ana Pita Grandal pregunta onde tramitarán a súa matrícula os estudantes de doutoramento. O xerente responde que, de momento e ata que se concrete e dimensione a estrutura administrativa da Escola, ese tipo de trámites continuarán realizándose nos centros.

Apróbase por asentimento o Regulamento provisional da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo (**Anexo II**).

**Punto 9.** Aprobación, se procede, da 1ª edición do Curso de Especialista en Asesor Financeiro Europeo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade, quen expón os obxectivos e xustificación académico-social do título. Di que, principalmente, se trata de formar estudantes para o exercicio da profesión de asesor financeiro. Sinala, que o título está organizado desde o Departamento de Economía Financeira e Contabilidade; que a súa dirección recae na Prof.<sup>a</sup> Pilar Cibrán e que a docencia será impartida na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo. Finalmente, expón que foi aprobado na COAP, na súa sesión de 22 de xullo.

Apróbase por asentimento.

**Punto 10.** Aprobación, se procede, da modificación do Plan de internacionalización lingüística.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, quen expón que a proposta de modificación da normativa se cingue ao procedemento de designación dos membros da Comisión de Internacionalización Lingüística. Sinala, que na nova redacción propónse que os membros sexan designados polo Consello de Goberno a proposta da vicerreitoría con competencias en política lingüística, por un período de catro anos.

Apróbase por asentimento a modificación da modificación do Plan de internacionalización lingüística que figura no **Anexo III**.

**Punto 11.** Aprobación, se procede, da modificación do Convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Transferencia do Coñecemento, quen expón que debido a sentenza do Tribunal Supremo, de 21 de maio de 2013, pola que se anula o RD 1707/2012 que regula as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, e mentres non se aprrobe outro regulamento que substitúa ao anterior, faise necesario unha modificación do convenio actual co fin de adoptar o texto ao marco normativo vixente neste momento.

Intervén a Prof<sup>a</sup> Ana Pita Grandal para preguntar se debido á aprobación do novo modelo é preciso firmar novos convenios ou renovalos.

Responde o vicerreitor que, polo momento, os que xa están firmados manteranse en vigor.

Apróbase por asentimento a modificación do Convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas (**Anexo IV**).

**Punto 12.** Aprobación, se procede, da creación e participación das empresas propostas como EBT da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Transferencia do Coñecemento, quen expón que coa aprobación da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, se puxo de manifesto a clara intención do Estado de apoiar a transferencia tecnolóxica das universidades mediante a creación de spin-offs, denominadas naquel momento EBTs.

A posterior modificación da devandita lei, feita por Lei orgánica 4/2007, confirmou a través da súa Disposición adicional vixésimo cuarta a intención estatal de conceder o devandito impulso á creación de empresas. Dita modificación, supuxo a inaplicación de certos preceptos da Lei 53/1984, de incompatibilidades, naqueles casos nos que o profesorado universitario estivese implicado na creación deste tipo de empresas, sempre que a Universidade participase nelas e as recoñecera.

No ano 2001, coa entrada en vigor da lei 2/2011, de economía sostible, e da lei 14/2011, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, quedou perfectamente delimitado o marco xurídico no que o devandito impulso á transferencia tecnolóxica debe exercerse.

Neste contexto, sométense hoxe a aprobación, unha vez emitido informe favorable por parte do Consello Social tal e como establece a normativa propia da Universidade de Vigo, aprobada polo Consello de Goberno o 29 de xuño de 2012, as seguintes Spin-off da Universidade de Vigo:

- Peloides Termals S.L.
- Social Wire Labs
- Hércules Control, S.L.
- Gassport S.L.
- Illumnia, S.L.

O vicerreitor informa do baremo, deseñado pola Vicerreitoría de Transferecia, para axuda na toma de decisión de participación por parte da Universidade, que ten en conta criterios técnico, estratéxicos e económicos. A continuación describe os diferentes proxectos e equipos emprendedores; as liñas de actividade; o coñecemento e a tecnoloxía a transferir; a distribución da participación do capital social da empresa e, por último, dá conta aos membros do Consello da porcentaxe de participación da Universidade. Sinala, que todos os aspectos están debullados na documentación achegada coa convocatoria da orde do día.

Remata a súa intervención solicitando a aprobación do Consello de Goberno.

Intervén o reitor para dicir que con esta nova iniciativa, contribuímos a visibilizar o traballo das investigadoras e investigadores. Agradece o traballo desenvolto polo persoal da



OTRI para valorar as propostas de acordo a unha puntuación exhaustiva, tendo en conta o interese estratéxico para a Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento.

**Punto 13.** Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Dpto. de Química Orgánica.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que o artigo 46 dos Estatutos da Universidade de Vigo dispón que é competencia do Consello de Departamento a elaboración, aprobación e modificación da proposta do seu Regulamento de réxime interno.

O artigo 39 dos Estatutos establece que lle corresponde ao Consello de Goberno a aprobación de todas as normativas que non sexan competencia do Claustro.

O Departamento de Química Orgánica elaborou un novo regulamento para adaptalo á LOU. Antes da súa remisión a esta Secretaría Xeral, de acordo co establecido no artigo 46 dos Estatutos, foi aprobado polo Consello de Departamento en sesión extraordinaria de data 25 de setembro de 2013.

O texto do regulamento adaptouse ao informe de legalidade, emitido pola Asesoría Xurídica.

En cumprimento do establecido no artigo 39 dos Estatutos, sométese á aprobación do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento o Regulamento de réxime interno do Dpto. de Química Orgánica (**Anexo V**).

**Punto 14.** Aprobación, se procede, da actualización do cadro de tarifas dos distintos servizos do CACTI.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen somete a aprobación a modificación puntual das tarifas dos servizos proporcionados polo Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación, principalmente co obxecto de incluír servizos que se implantaron ou modificaron durante o ano en curso, e quen non estaban contemplados, polo tanto, nas tarifas aprobadas no seu momento cos orzamentos da Universidade.

As modificacións propostas concirnen a algunhas técnicas da Unidade de Espectrometría Atómica Analítica, á denominación do Taller Electrónico, e algunhas técnicas e cursos do Servizo de Detección Remota. Esta proposta foi aprobada pola Comisión de Investigación, o 13 de marzo de 2013, e pola Comisión de Economía.

Apróbase por asentimento (**Anexo VI**).

**Punto 15.** Aprobación, se procede, da actualización do cadro de tarifas da ECIMAT.

O reitor cede a palabra a vicerreitora de Investigación, quen informa que, como no caso anterior, se somete a aprobación a modificación puntual das tarifas dos servizos proporcionados pola Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT). Concretamente, a modificación concirne ao uso de infraestruturas do Centro, servizos de instrumentación, utilización dunha embarcación para mostraxe científico de recente posta en funcionamento e tarifado de material funxible.

Apróbase por asentimento (**Anexo VII**).

**Punto 16.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Severino Sombra* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Severino Sombra* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma de Bucaramaga* (Colombia) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma de Bucaramaga* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e *The Mohammed V University-Agdal* (Marrocos) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e *The Mohammed V University-Agdal* (Marrocos) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Middle East University* (Xordania) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Middle East University* (Xordania) para o intercambio de estudantes – Memorándum de entendemento entre a Universidade de Vigo e a *Kyungpook National University* (República de Corea) – Convenio específico de colaboración para o intercambio de docentes, investigadores e estudantes en formación de posgraos (máster e doutoramento) entre o campus de excelencia internacional “Campus do Mar” e a *Universidad Católica del Norte* (Chile) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Ricardo Palma de Lima* (Perú).

Apróbanse por asentimento.

**Punto 17.** Rogos e preguntas.

Intervén o Prof. Berrocal para preguntar se xa se deu orde ao Servizo de Contabilidade para o pago de partidas a proxectos científicos.

Responde a vicerreitora de Investigación que ao longo da mañá xa se deu orde ao devandito servizo.

Pregunta ao vicerreitor de Transferencia e Coñecemento polas convocatorias específicas sobre axudas a patentes.

Respóndelle o vicerreitor que xa están dispoñibles, que a partida orzamentaria foi aprobada na Comisión de Investigación.

Intervén o Prof. Bienvenido Díez para preguntar polo Servizo de Tradución e Interpretación.

Responde o vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais que se está traballando no seu deseño; que a idea é poñelo en marcha o máis pronto posible; que será un

servizo integrado na Fundación da Universidade de Vigo e en relación co Centro de Linguas; que por cuestión de prioridades, neste momento toda a atención está centrada en mellorar e adecuar o Centro de Linguas.

Igualmente, o profesor Bienvenido Diez traslada un rogo en nome da executiva de UGT: solicita que outras forzas sindicais, que carecen de representación no Consello de Goberno, poidan estar presentes no devandito órgano colexiado.

O reitor respóndelle que se estudarán as fórmulas que permitan os Estatutos.

Intervén o Sr. Xan Cebro para facer os seguintes rogos:

- En relación ao recurso sobre reclamación de niveis, di que pasou o tempo e que aínda non se contestou ao recurso interposto; recorda que debe ser contestado en tempo e forma.

- En relación á negociación sobre modificación da RPT, recorda que o vindeiro xoves hai unha reunión; pero que aínda está sen solucionar o problema de dotación do Departamento de Comunicación no Campus de Pontevedra.

- Que se dote no Campus de Pontevedra de apoio administrativo na xestión dos posgraos; que, no que respecta ao Campus de Ourense, o traballo o están levando os investigadores.

Por último, o Sr. Xan Cebro pregunta en relación ao Pavillón Universitario do Campus de Pontevedra, se as chaves están dispoñibles para o servizo de seguridade privada.

O reitor dálle a palabra ao xerente, quen di que están en proceso de negociación sobre as modificacións puntuais da RPT; que todos os temas que apuntou o señor Xan Cebro se abordan nas reunións coa Xunta de Persoal.

Intervén a vicerreitora do Campus de Pontevedra para dicir que as chaves do Pavillón só se dan ao Instituto Municipal de Deportes, por mor do convenio existente; que na última reunión mantida cos traballadores non era ninguén privado; que pode que en ocasións puntuais abra as portas o servizo de seguridade, pero que deste feito están decatados todos os órganos encargados da supervisión.

Intervén a Prof. Edita de Lorenzo para preguntar polo estado da tramitación de expedientes académicos en inglés; para facer un rogo en relación á modificación da normativa dos másteres e a normativa de xestión da PDA dos másteres. Roga que na normativa haxa un acceso condicionado á aprobación das materias na convocatoria fin de carreira, para que o estudante que lle queda algunha materia poda matricularse no máster. Finaliza preguntando polo valor da nota acadada por avaliación curricular, cando os estudantes solicitan a adaptación a outro plan de estudos; ten entendido que o recoñecemento non é automático e queda a decisión da Comisión Académica.

Responde o vicerreitor que consultará a normativa e se lle dará unha pronta resposta.

Intervén a Prof. Ana Pita para facer as seguintes consideracións:

- Que conste en acta o agradecemento ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, non só polo Regulamento de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, senón tamén pola posta en marcha do plan de adaptación do estudante con Síndrome de Asperger, matriculado no seu centro, así como pola beca de colaboración.

- Que se suma á iniciativa da Prof. Edita de Lorenzo, sobre a necesidade de modificar a normativa en materia de másteres.

- Que se contemple na RPT o apoio á xestión dos másteres; que recibiu un escrito, asinado por outros coordinadores, que pon de relevo a carga de traballo que impón a coordinación e que non hai apoio administrativo suficiente. Solicita que se resolva esta situación.

Responde o reitor que por varias vías están intentando solucionar os problemas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:30 horas do día 29 de outubro de 2013 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.

O Reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral



M<sup>a</sup> Inmaculada Valeije Álvarez